



BASES E NORMAS DE PARTICIPACIÓN CONCELLO DE ARTEIXO FEIRA DE OPORTUNIDADES 2026

6, 7 e 8 de marzo de 2026

Organizado por
CONCELLO DE ARTEIXO
Colabora
ARTEIXO CENTRO COMERCIAL ABERTO

Información
Teléfonos: 981 659 147 e 608 549 011
emprego@arteixo.org e cca@ccaarteixo.com

1. ANTECEDENTES E OBXECTIVOS.

O Concello de Arteixo e a Asociación de Pequenas Empresas de Arteixo, en adiante Arteixo CCA, celebrarán unha **FEIRA DE OPORTUNIDADES** o primeiro fin de semana de marzo: **venres 6, sábado 7 e domingo 8 de marzo de 2026**. A Feira terá lugar no campo da Festa en Arteixo.

Segundo a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, enténdese por FEIRA DE OPORTUNIDADES:

A.- Aquelas de carácter multisectorial promovidas por comerciantes ou as súas asociacións, fóra dos seus respectivos establecementos, en lugares do núcleo urbano habilitados para o efecto polo respectivo Concello. A Feira celébrase tras de realizar unha comunicación previa á Dirección Xeral de Comercio, e tras do informe favorable da Mesa Local de Comercio.

B.- Aquelas nas que se realizan vendas en condicións máis vantaxosas das habituais, co propósito de conseguir un aumento de venda dos produtos existentes, e cos seguintes requisitos:

B.1. Os artigos non poderán ser adquiridos co fin exclusivo de seren incluídos na Feira. E teñen que ter sido expostos á venda previamente no establecemento permanente. Co fin do cumprimento desta norma as autoridades competentes de Inspección da Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia poderán esixir as facturas da mercadoría posta á venda na Feira, ou requirir toda a documentación que consideren en relación ao cumprimento da lei de comercio.

B.2. Deberá figurar con clareza o prezo anterior xunto co prezo reducido ou a porcentaxe de redución aplicada. Entenderase por prezo anterior o que se viña aplicando sobre artigos idénticos durante un período continuado de, cando menos, 30 días.

B.3. Os produtos ofertados deberán ter as mesmas características que as existentes con anterioridade á venda en Feira.

Como tamén é unha feira de comercio, os establecementos poderán levar produtos de tempada.

O OBXECTIVO PRINCIPAL deste evento é DINAMIZAR A ECONOMÍA do sector comercial, a través dun evento que:

- **PROMOVE O GASTO** xa que deriva grande cantidade de clientes e consumidores ao evento, tanto de Arteixo coma doutras localidades, animándoos a mercar mediante o incentivo das condicións ou prezos vantaxosos, e mediante a comodidade de aglutinar un grande número de comercios e produtos diversos nun mesmo espazo para facilitar as compras.
- Contribúe á **LIQUIDACIÓN DE RESTOS DA TEMPADA**, liberando así os stocks, aumentando a liquidez, e diminuindo as perdas; facilitando espazo no establecemento e tesourería disponible para a renovación de mercadoría; aumentando a rendibilidade do negocio.
- Facilita aos comerciantes unha inmejorable oportunidade para **CAPTAR NOVOS CLIENTES**, ademais de **FIDELIZAR** aos habituais, debido á alta concentración de público no evento.
- Aumenta no sector comercial a necesidade e a posibilidade de **MELLORAR EN CALIDADE E PROFESIONALIZACIÓN**, que derivan en maiores beneficios así como en xeración de emprego e riqueza.
- **PROMOCIONA ARTEIXO**. Ao ser un evento que move grandes masas de público de Arteixo e de fóra, provoca o tránsito de consumidores ao núcleo urbano do concello, propiciando así o mellor **COÑECEMENTO DAS RÚAS DO POBO E DA OFERTA COMERCIAL, HOSTALEIRA E DE SERVIZOS** existente nas mesmas.

2. ENTIDADE ORGANIZADORA

O **CONCELLO DE ARTEIXO** é a **Entidade Organizadora da “Feira de Oportunidades de Arteixo”**, e para a correcta execución deste evento **créase unha comisión de traballo con persoal do Concello de Arteixo e de Arteixo CCA**, e **recoñéceos como representantes, encargados e autorizados para a xestión, coordinación, mantemento, inspección, arbitraje e mellora constante do Evento**. Este documento de maneira íntegra, constitúe as Bases e Normas do Evento.

3. PARTICIPANTES

Poden participar na Feira de Oportunidades **TODOS OS COMERCIOS DO CONCELLO DE ARTEIXO** (persoas físicas ou xurídicas, en cumprimento de toda a

normativa vixente do sector), que se inscriban dentro do prazo e cumpran cos compromisos establecidos nas presentes bases de participación.

O Concello de Arteixo reserva o dereito de interpretación das presentes bases así como de rexeitar aquelas inscricións que ao seu criterio non se axusten á finalidade da Feira, ao contido das presentes bases ou que poidan interferir no normal desenvolvemento do evento.

4. ADXUDICACIÓN DE CARPAS E ESPAZOS

A Feira de Oportunidades de Arteixo contará con máximo de **25 carpas de 5x5 m** destinadas a os establecementos comerciais, que se adxudicarán ás persoas participantes de acordo cos criterios que se indican a continuación.

1. Criterio xeral de asignación

As carpas asignaranse por **orde de inscrición**, ata completar o número máximo dispoñible.

No caso de que as solicitudes de participación superen o número de carpas dispoñibles, quedarán excluídas as últimas inscricións, pasando estas a integrar unha **listaxe de espera**, que se utilizará en caso de renuncia ou modificación posterior dos espazos asignados.

2. Solicitude de dobre espazo (2 carpas)

As persoas participantes poderán solicitar **dúas carpas de 5x5 m** co fin de dispoñer dun espazo maior.

A asignación destes **espazos dobres** realizarase unicamente no caso de que, unha vez cubertas as solicitudes de carpa simple, **queden carpas dispoñibles**.

No suposto de que o número de solicitudes de dobre espazo **supere o número de carpas adicionais dispoñibles**, a asignación realizarase mediante **sorteo público**, organizado por Arteixo CCA de forma **telemática**, garantindo a transparencia do proceso.

3. Compartición de carpa (media carpa)

Co obxectivo de **optimizar o uso do espazo dispoñible** e evitar a infrautilización das carpas, ofrécese a posibilidade de que aqueles establecementos que, polas características da súa actividade ou volume de mercadoría, non precisen unha **carpa completa de 5x5 m**, poidan **solicitar media carpa**.

Nestes casos, Arteixo CCA facilitará, sempre que sexa posible, a **compartición do espazo con outro establecemento en circunstancias similares**, garantindo unha distribución equilibrada e funcional.

A aceptación desta modalidade quedará supeditada á viabilidade organizativa e á compatibilidade entre os establecementos participantes.

5. DATAS E HORARIOS

- VENRES 6 de marzo de 2026, de 17.00h a 20.00h
- SÁBADO 7 de marzo de 2026, de 10.00h a 20.00 horas
- DOMINGO 8 de marzo de 2026, de 11.00h a 20.00h horas

A ocupación, apertura e atención do stand por persoal do establecemento é OBRIGATORIO NA TOTALIDADE DOS DÍAS E HORARIOS establecidos.

6. CONDICIÓN, PRAZO e LUGAR DE INSCRIPCIÓN

As persoas interesadas na participar na Feria de Oportunidades deberán:

1. Cubrir e enviar o formulario de inscrición dispoñible na ligazon <https://tally.so/r/NpoOEp> entre o 4 e o 15 de febreiro de 2026.
 2. Realizar un depósito de fianza de 150€ na conta bancaria do Arteixo CCA, no número ES38 2100 5097 2602 0006 6423 de La Caixa. A transferencia bancaria debe incluír no concepto: "FIANZO FOP" e o nome fiscal do establecemento. A data tope para realizar o depósito da fianza, e enviar xustificante do mesmo e o 15 de Febreiro de 2026.
 3. Enviar xustificante de pagamento da fianza, ao correo electrónico cca@ccaarteixo.com indicando nome fiscal, nome comercial e número de conta IBAN onde realizar a devolución da fianza.
- A inscrición formalízase unicamente cando se efectúe o depósito da fianza. Sen este, o establecemento non estará inscrito no evento.
 - O depósito da fianza supón o compromiso de participación, o cumprimento das normas de participación e o bo uso dos materiais e do espazo facilitado.
 - Arteixo CCA procederá ao retorno do importe depositado en concepto de fianza entre o 16 e o 23 de marzo de 2026, sempre que se cumpran as condicións anteriormente descritas.

- **A inscrición implica a aceptación de cada unha das presentes normas e bases de participación.**
- Finalizado o prazo de inscrición, a comisión de traballo comprobará a dispoñibilidade de espazo para todos os solicitantes, ou ben establecerá a admisión segundo os criterios establecidos no apartado de “Participantes” das presentes Bases.

A comisión de traballo comunicará a cada solicitante, a aprobación da súa solicitude.

7. NORMAS DE PARTICIPACIÓN NA FEIRA DE OPORTUNIDADES DE ARTEIXO

- A inscrición e participación na Feira é GRATUÍTA, pero recollerase a modo de fianza unha cota de 150€ que se devolverá antes do 23 de marzo salvo incumprimento das bases.
- **CARPAS:** Os interesados en participar, terán que adaptarse ao formato e metros de carpa postos a disposición pola organización. Non se farán cambios na posición asignada pola organización.
- **PUBLICIDADE:** É obriga de cada participante, colocar en lugar visible no seu establecemento o cartel informativo da Feira De Oportunidades 2026.
- **MONTAXE E DESMONTAXE.**
 - A **montaxe** poderá **iniciarse o venres 6 de marzo, a partir das 08.00h** e debe estar **rematada ás 16:30 horas do venres para a apertura ás 17:00 h.**
 - A **desmontaxe** iniciárase **o domingo, a partir das 20:00 h, unha vez pechado o recinto e desaloxado de público, non antes, e o stand deberá quedar baleiro de mercadoría e/ou enseres antes das 22.00h da noite.**
- **CARGA E DESCARGA:** Os vehículos debidamente autorizados poderán acceder ás zonas habilitadas para carga e descarga **exclusivamente nos horarios establecidos:**
 - **Venres:** de 08.00 h a 16.30 h
 - **Domingo:** a partir das 20.30 h
- Fóra destes horarios, queda **terminantemente prohibido o estacionamento de vehículos** en calquera punto do entorno do recinto feiral, co obxectivo de garantir a correcta imaxe do evento, a comodidade das persoas visitantes e a seguridade do espazo.
- Unha vez aberto o recinto ao público, **non se permitirá o acceso con vehículos**, nin tampouco o uso de **carretillas, carros ou elementos similares**, nin a circulación ou movemento de vehículos no entorno inmediato da feira.

- **CALIDADE DE PRODUCTO E SERVIZO:** É obriga de cada expositor, contribuir á excelente imaxe do sector comercial de Arteixo e en xeral do pequeno comercio local, poñendo para elo o seu máximo esforzo e desempeño en ofrecer aos clientes durante a Feira unha axeitada calidade nos produtos ofertados, e nas condicións de orde e limpeza do seu stand e do recinto da Feira en xeral.
- Así mesmo é responsabilidade e obriga do expositor, a **calidade no servizo** prestado por todos os seus traballadores en canto á axilidade e corrección no trato aos clientes durante a Feira.
- A reclamación/queixa formal por parte de clientes durante o evento, a través dos organismos de consumo oficiais, podería ter como resultado a efectos deste evento, a imposibilidade de participar na seguinte edición.

O EQUIPO DE ORGANIZACIÓN velará polo bo funcionamento do evento, ante calquera dúbida pode consultarse no stand do CCA.

- **INCUMPRIMENTO: O non cumprimento destas bases dará lugar á exclusión como participante na seguinte edición e á perda da fianza.**
- A inscrición no evento implica un **compromiso firme de participación**. A non asistencia á Feira, o abandono anticipado do espazo ou o incumprimento das presentes bases poderá supor a **perda total ou parcial da fianza**, sen prexuízo doutras medidas organizativas.
- A interpretación das presentes bases corresponde exclusivamente á **organización do evento**, isto é, ao Concello de Arteixo e ao Arteixo CCA, cuxas decisións serán vinculantes para todas as persoas participantes co fin de garantir o correcto desenvolvemento da Feira.
- A organización resérvase o dereito de introducir **modificacións organizativas, técnicas ou de seguridade**, incluíndo distribución de espazos ou horarios, cando existan causas xustificadas, sen que iso dea dereito a reclamación algunha.

• **A ocupación, apertura e atención do stand por persoal do establecemento é OBRIGATORIO NA TOTALIDADE DOS DÍAS E HORARIOS establecidos.**

- **SEGURIDADE:**

O evento contará con **servizo de seguridade privada** nos seguintes horarios:

- **Venres:** de 08.00 h a 17.00 h
- **Dende o sábado ás 20.00 h ata o domingo ás 10.00 h**

- **RESPONSABILIDADE:** Nin o **Concello de Arteixo** nin o **Arteixo CCA** se farán responsables de posibles **roubos, perdas ou danos** que poidan afectar a enseres, estruturas e/ou mercadoría dos establecementos participantes, xa sexan derivados de **inclemencias meteorolóxicas, accidentes ou calquera outra causa**, participando cada expositor/a **baixo a súa exclusiva responsabilidade e risco**.
- **Para acceder ao recinto fóra das horas de apertura ao público** será **imprescindible mostrar ao persoal de seguridade a acreditación** que a organización facilitará ao efecto (ata 4 por establecemento).
- Os stands teñen habilitados enchufes para: caixa rexistradora e TPV; a potencia é limitada, polo cal, se un participante ten alguna necesidade especial de consumo eléctrico, debe notificalo no momento de inscrición, como observación.

En Arteixo, a 3 de Febreiro de 2026.